

1 de xuño de 2020

Estimadas familias de 2º:

Comezamos xuño e chegamos á recta final deste atípico curso no que quería comentarvos unhas cantas cousiñas:

En primeiro lugar remitirvos á páxina web do cole onde se fai unha pequena reflexión sobre estes meses e o esforzo realizado polos nenos e nenas do cole e por vós, as familias:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares/node/1774>
do que eu, particularmente síntome moi agradecida.

En relación co traballo comentarvos que a partir de mañá martes comezaremos a facer as propostas a través dunha aplicación web chamada Snappet. É unha aplicación de pago pero que nos ofrecen a posibilidade de tela activa gratuitamente ata o 31 de agosto. Esta aplicación é moi intuitiva pero calquera problema ou dúbida que vos xurda xa sabedes que podeades preguntarme e intentarei solucionarla ou consultaría á Xefa de Estudos que é a que xa traballou con esta aplicación no cole hai pouquiño. Non é necesario descargar nada, soamente fai falla un nome de usuario e contrasinal que volo facilitarei ao longo do día. Déixovos a continuación da nota unhas instrucións para comezar a usala.

Por outra banda, organizamos os días para que cada curso, coas medidas sanitarias pertinentes, teña a posibilidade de ir recoller ao cole o material que quedou, que no caso de 2º será o martes 9 de xuño pola mañá. Para poder organizalo un pouquiño agradézo vos que me indiqueades aquelas familias que tedes problemas de horario para non xuntarmos moitas familias na mesma hora.

Moitas grazas polo voso esforzo e xa sabedes que para o que necesitedes aquí estamos. Apertas e unha morea de achuchóns para eses peques que tanto boto de menos.



Estimadas familias,

Nos próximos días poremos en marcha unha proba piloto coa plataforma Snappet coa que os nenos e nenas do cole terán acceso gratuito aos contidos de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega e Inglés correspondentes ao seu nivel, durante os meses de xuño, xullo e agosto.

Será unha maneira diferente de repasar os contidos traballados neste curso e afianzalos de cara ao vindeiro curso, ademais de facilitarnos a todos a teledocencia.

Hai dous anos xa tivemos ocasión de traballar con esta plataforma cos grupos que actualmente están en 4º e 5º, e foi unha experiencia moi positiva. Por iso pensamos que dada a situación de incertidume xerada polo COVID-19, era unha boa opción retomala para poñela en práctica o curso que ven.

A proba piloto será unha boa oportunidade para familiarizarse coa aplicación duante o verán e comprobar as ventaxas que ofrece, en canto a variedade de exercicios, autocorrección, información para os mestres e motivación para o alumnado.

A partir de setembro informaremosvos sobre a continuidade do acceso a esta plataforma que para as clases presenciais pon a disposición dos alumnos unha tablet para traballar nas aulas e que ten un custo de 50€ ao ano (de setembro de 2020 a agosto de 2021), que podedes abonar de maneira fraccionada antes de decembro.

En breve recibiredes información do titor dos vosos fillos, cun nome de USUARIO e un CONTRASINAL, co que poderedes acceder á plataforma desde casa empregando calquera dispositivo: ordenador, Tablet, Ipad ou teléfono móvil. Serán os mestres os que xestionarán o envío de exercicios que os nenos poderán facer ao seu ritmo e con total liberdade.

Aquí vos deixamos un enlace á web (pinchade sobre a imaxe)



Un saúdo,


A dirección do Centro

1º Conéctate co Usuario e Contraseña facilitado polo teu titor.



The image shows the login page of the Snappet application. At the top left is a small circular logo with red, yellow, and blue segments. At the top right is the 'snappet' logo in a colorful, lowercase font. The main heading is '¡Hola! Conéctate por favor' in blue, with the sub-heading 'Introduce tus datos' in red below it. There are two input fields: 'Usuario' containing the text 'Alumno' and 'Contraseña' containing a series of dots. Below the fields is a red 'Conectar' button and a link that says '¿Has olvidado tu usuario/contraseña?'.

2º Excolle unha materia.




The image shows the subject selection screen. At the top left is a small circular logo. The main heading is '¡Bienvenido! Alunma' in blue. To the right of the heading are two buttons: 'Siempre' with a dropdown arrow and '31 Ejercicios'. Below the heading are three subject cards: 'Matemáticas' with a grid icon and the number '0', 'English' with a cross icon and the number '38', and 'Lengua' with a speech bubble icon and the number '1'.

3º Entra en "Lecciones".




The image shows the 'Lecciones' screen for the 'Matemáticas' subject. At the top left is a back arrow, and at the top right is a search icon and a user icon. The main heading is 'Matemáticas' in blue. Below the heading are three horizontal bars: a pink bar labeled 'Lecciones', a light blue bar labeled 'Sigo aprendiendo' with a '0' and 'Días de aprendizaje' on the right, and a yellow bar labeled 'Necesito ayuda' with a '0' and 'Días de aprendizaje' on the right.

4º Abre "Lecciones recibidas"



Como ves, neste caso hai 6 exercicios con diferentes apartados (círculos). Debes comezar polo primeiro círculo e tratar de facelos de maneira correlativa (seguida).



Cando remates podes darlle a + para seguir traballando o mesmo obxectivo de aprendizaxe.

5º Para comprobar a túa resposta clica na frecha que verás á dereita da pantalla, e para volver ao exercicio anterior na frecha da esquerda.



Cada círculo é unha pantalla. Se respondes ben no primeiro intento o círculo aparecerá de cor verde. Se fallas no primeiro intento aparecerá en vermello e poderás intentalo de novo. Nese caso cando pases de pantalla o círculo aparecerá en verde cunha raia vermella.

IMPORTANTE: Cando copies palabras ou frases, fixate nas maiúsculas, nas tildes e no punto final.



Se necesitas que Snappet che lea o enunciado do exercicio pulsa aquí.



Se o teu mestre habilitou o chat, verás este símbolo.

Podes empregalo para consultarlle dúbidas, recuperar o teu contrasinal se o esqueces, etc.

Para desconectarte pincha no teu perfil



e clica en DESCONECTAR.

